

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Os grupos políticos con representación no Pleno do Concello de Outes e o membro non adscrito, manifestan o seguinte:

O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo; pola súa parte o artigo 9.2 establece a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas.

Son moitos os dereitos obtidos dende o ano 1975, cando a ONU proclamou o Día Internacional polos Dereitos da Muller, pero son moitos tamén os que quedan por acadar. Este 8 de marzo de 2026, as Nacións Unidas, baixo o lema “Dereitos. Xustiza. Acción. Para todas as mulleres e as nenas”, anímannos a esixir a igualdade de dereitos e tamén a xustiza para que eses dereitos se cumpran, exerzan e disfruten. Por iso, como cada ano, dende o noso concello volvemos reivindicar a necesidade de AVANZAR nunha igualdade efectiva entre mulleres e homes que nos permita acadar unha sociedade xusta e democrática.

O Concello de Outes amosa o seu firme compromiso coa promoción e protección dos dereitos das mulleres e nenas, así como coa igualdade real entre mulleres e homes, a través dunhas políticas que resolvan as desigualdades materiais e salariais existentes entre ambos os dous xéneros. Así mesmo, reforza ano a ano a súa aposta pola igualdade e polos servizos específicos que a promoven e garanten, tanto desde espazos de responsabilidade como desde os equipos técnicos ao servizo da veciñanza. Neste camiño, cómpre alertar sobre o risco de idealizar modelos que reproducen desigualdades históricas e que poden supoñer un retroceso nos avances acadados en materia de igualdade, dereitos das mulleres, autonomía, corresponsabilidade e participación nos espazos de decisión.

E por iso, dende a Corporación de Outes convidamos a toda a veciñanza a sumarse a esta declaración e a participar nos actos que se celebrarán ao longo de todo o mes de marzo, así como a apoiar todas aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade entre homes e mulleres e a loita contra a violencia de xénero.

Asdo. BNG



Compromiso x Outes



Membro non adscrito



P. Popular

